



2010. Ano do Libro e
da Lectura en Galicia





2010 Ano do Libro e da Lectura en Galicia

Le, porque este ano vivirás mil emocións e sensacións novas. Viaxaremos xuntos por lugares coñecidos e descoñecidos, choraremos, pasaremos riscos, risas e aventuras con novos amigos, coñeceremos novas culturas e persoas sorprendentes, redescubriremos a historia, soñaremos un mundo novo... e será noso.

2010 ANO DO LIBRO E DA LECTURA DE GALICIA

Consciente do valor estratéxico do libro como instrumento para a expresión do dereito á creación, a promoción e a divulgación da cultura, da historia e da lingua de Galicia, o Consello da Xunta acordou declarar o próximo ano 2010 como Ano do Libro e da Lectura de Galicia, e invitar a todos os galegos a participar nos distintos actos que se realicen nesta celebración.

Procurouse a coincidencia do Xacobeo co Ano do Libro e da Lectura para o obxecto de propiciar a complementariedade entre estas dúas celebracións. Sitúase así o libro, a nosa cultura e a nosa lingua, no marco dun acontecemento de enorme proxección exterior, como é o Ano Santo.

No vindeiro ano, ademais de potenciar as accións que xa se veñen realizando a prol do libro e da animación á lectura, deseñouse unha programación variada, concibida para conseguir unha maior visibilidade do libro e achegalo a toda a cidadanía. Aínda aberta a novas iniciativas, e cun orzamento previsto de 2.850.000 €, a programación inclúe proxectos de animación cultural, congresos e conmemoracións, actividades de promoción e difusión do libro, fomento da lectura e a escrita, así como iniciativas para a mellora da xestión pública do libro e as bibliotecas.

Un libro, un amigo

Cada vez que abres un libro, comezas unha nova historia, que quizais te leve a través do tempo ata lugares e culturas descoñecidas, ou a viaxar en barco ou en globo, ou a coñecer personaxes históricos... quizais rías ou chores, pero nunca estarás só, porque en cada libro sempre atoparás un amigo.



1. ANIMACIÓN CULTURAL

INICIO E PECHE DO ANO DO LIBRO E DA LECTURA

En xaneiro de 2010 está programada a realización dunha presentación do Ano do Libro e da Lectura mediante unha campaña de animación á lectura chamada *Libros sobre rodas*. Nesta actividade, un autobús equipado para labores de difusión cultural percorrerá as catro provincias galegas cun grupo de animadores que agasallará aos viandantes cun libro sobre a historia universal e galega do libro.

Co fin de concluír o ano, levarase a cabo o proxecto Noite dos Libros, concibido como un acto de animación na rúa, que se celebrará en diversos puntos de Galicia.

CAMIÑOS DE AMOR E LÚA

Esta acción de animación cultural inclúe trinta espectáculos de poesía e música que, durante os meses de maio e xuño, achegarán a voz dos autores e autoras a trinta concellos polos que transcorren os nove camiños que levan a Santiago.

EXPOSICIÓNS

Ademais das exposicións relacionadas con congresos e coas homenaxes do vindeiro ano a Torrente Ballester, Luís Seoane, Rosalía e Novoneyra, haberá outras de carácter máis específico, como *Libros de literatura contra a guerra*, en colaboración co Foro Mundial da Educación, ou *A palabra convertida en arte*, exposición e obradoiro sobre a escrita medieval. Tamén haberá diversas exposicións itinerantes sobre o libro galego.

2. CONGRESOS E CONMEMORACIÓN

ENCONTROS E CONGRESOS

O vindeiro ano contará co seu espazo para os profesionais relacionados co sector do libro. Entre os diferentes congresos que se celebrarán pódense destacar o I Encontro Internacional sobre Literatura de Viaxes e a I Semana Auria de Novela Histórica, que incluírá actividades como conferencias, mesas redondas ou espectáculos. Tamén o Congreso Internacional do Libro Infantil e Xuvenil do IBBY recibirá apoio para a súa realización en Santiago de Compostela.

CENTENARIOS E OUTRAS HOMENAXES

No ano 2010 celebrárase o centenario do nacemento de dous grandes persoeiros galegos: Gonzalo Torrente Ballester e Luís Seoane. Así mesmo, haberá actos conmemorativos dos 125 anos do pasamento de Rosalía de Castro, e homenaxes a Uxío Novoneyra, poeta ao que a Real Academia Galega lle dedica o ano 2010. Ademais dos actos conmemorativos, estas celebracións acompañaranse de exposicións, concertos e publicacións especiais.

OUTRAS CONMEMORACIÓN

Aproveitarase o ano próximo para reforzar e potenciar as datas en que se celebran diversas conmemoracións relacionadas co libro e a lectura, como o Día das Letras Galegas e o Día Internacional do Libro, data na que se realizará a intervención en espazos públicos As Prazas dos Libros. Tamén se promoverán celebracións no Día de Rosalía, e nos días internacionais da Poesía, Teatro, Libro Infantil e Xuvenil e Tradución.

3. PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO LIBRO

PRESENZA EN FEIRAS DO LIBRO

Está previsto potenciar as feiras do libro de Galicia co fin de facelas máis atractivas e participativas. Así, a partir de 2010 iníciarase unha programación específica na cidade de Lugo, *A Festa das Letras*, que irá cambiando de localidade cada ano. En cada unha das feiras haberá unha caseta conmemorativa do Ano do Libro e da Lectura.

Por outra banda, e co propósito de contribuír ao seu coñecemento no exterior, o libro galego, acompañado polos nosos escritores e editores, volverá estar presente nas feiras internacionais máis destacadas: Boloña, Buenos Aires, Madrid, Frankfurt e Guadalaxara. Tamén a banda deseñada galega contará co seu espazo en feiras e salóns especializados, como Angoulême, Bruxelas, Navarra ou Barcelona.

PRESENZA DO LIBRO NOS MEDIOS

Durante o ano 2010 promoverase a presenza do libro e da lectura nos distintos medios de comunicación. Na Televisión de Galicia proxectarase un microespazo titulado *Palabra de autor, palabra de autora*, integrado no informativo diario de maior audiencia, o que contribuirá a darlles visibilidade ao libro e aos escritores nun medio fundamental como a televisión. Por outro lado, e co mesmo título, na radio emitiránse entrevistas diarias con autores e fomentárase a colaboración coa prensa escrita para incluír seccións que traten sobre o libro en Galicia.



e

O conto conta

Conta historias cheas de aventuras, con xente fantástica que habita en lugares increíbles, conta historias de dragóns e de princesas, de fadas e de trasnos, conta tamén fábulas de lebres e tartarugas... porque os contos son portas abertas á fantasía e aos soños, nas que cada conto conta.

4. FOMENTO DA LECTURA E DA ESCRITA

ANIMACIÓN Á LECTURA

Entre as campañas de animación á lectura pódese salientar o programa *Cruzando libros*, en colaboración coa Secretaría Xeral de Igualdade. Esta iniciativa persegue a creación de puntos de encontro ao redor do libro en centros de información para as mulleres. Así mesmo, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística, desenvolverase o programa *Bocaberta*, conxunto de actividades de promoción do uso do galego por toda Galicia, deseñadas coas nosas principais editoriais.

FOMENTO DA ESCRITA

Dentro das actividades da área de apoio á nova creación poranse, en marcha talleres abertos de creación literaria, dirixidos por escritores galegos. No ámbito escolar, desenvolverase unha iniciativa singular de fomento da escrita, que se traducirá nunha biblioteca de contos creados por escolares, que se editarán e conservarán nunha biblioteca específica. Así mesmo, iniciarase o proxecto Casa dos Tradutores, un lugar de encontro para os que se dedican ao labor da tradución.

BIBLIOTECA GALEGA DE BOS AIRES

Coincidindo coa Feira Internacional do Libro de Buenos Aires, abrirase unha sección do libro galego na Biblioteca Julio Cortázar, que se inaugurará cunha exposición sobre este escritor arxentino. Esta biblioteca galega de Buenos Aires será un servizo de lectura e difusión da cultura de Galicia para a comunidade de galegos alí residente.

5. XESTIÓN DO LIBRO E BIBLIOTECAS

DESENVOLVEMENTO DO MARCO NORMATIVO DO LIBRO E AS BIBLIOTECAS

Unha das actuacións fundamentais que se realizará no ano 2010 é o desenvolvemento da Lei do libro e da lectura de Galicia. Entre outras accións, reforzaranse as canles de participación e crearase a Cámara do Libro de Galicia. Tamén se porá en funcionamento un Observatorio Galego do Libro e da Lectura.

Igualmente, avanza na nova lei de bibliotecas mediante a elaboración do Mapa e o Plan de Bibliotecas.

BIBLIOTECA DE GALICIA NA CIDADE DA CULTURA

Co fin de reforzar a infraestrutura bibliotecaria de Galicia, un dos obxectivos para o próximo ano 2010 é abrir ao público a Biblioteca de Galicia, situada na Cidade da Cultura. Resulta así especialmente simbólico que o primeiro equipamento da Cidade da Cultura dispoñible para o conxunto da cidadanía galega estea precisamente ao servizo da divulgación e a promoción do libro, a historia, a cultura e a lingua galegas. A Biblioteca de Galicia constituirase como cabeceira e centro de servizos para a Rede de Bibliotecas.

Sempre novas cada día

As publicacións periódicas infórmanos con regularidade sobre a vida cotiá de aquí e de alá. Os seus artigos e reportaxes fálannos a cotío dos acontecementos actuais pero tamén dos pasados, pónennos ao día en deportes, arte, tecnoloxía... as publicacións periódicas son sempre novas cada día.

